

A CEBRA CAMILA

Alá onde se acaba o mundo, no país onde dá a volta o vento, vivía unha pequena cebra chamada Camila.

Como naquel lugar o vento era tan bandido, Camila tiña que andar con moito coidado para non perder a súa vestimenta.

A súa nai dicíalle sempre que non saíse de casa sen cueiro nin tirantes, pero Camila cada día era máis grande e os tirantes e o cueiro xa empezaban a molestarlle.

Camila soñaba con deitarse na herba sen aquelas pezas axustadas. Tamén soñaba que o vento a levaba rodando polos campos.

Un día, Camila saíu de casa sen atender aos consellos da súa nai e ...

Que foi o que paso?

Pois que, por arte de malos ventos, deixou de ser unha cebra listada e converteuse en algo parecido a unha mula branca con camiseta de raias.

Ao verse así, branca e esfarrapada, Camila botouse a chorar.

Camila chorou SETE bágoas de pena polas raias perdidas.

Despois quedou pasmada, mirando para unha serpe que estaba a mudar a camisa.

- Por que choras? - preguntolle a serpe. - Por que o vento bandido levouse as raias do meu vestido - respondeu ela, saloucando. - Achégache. Dareiche un anel para que o poñas nunha pata - dixo a serpe.

(Que parecía gardar moitos segredos).

Camila seguiu andando cun anel na pata ... e un pouco menos de pena.

Caéronlle SEIS bágoas polas raias que lle faltaban.

Despois quedo pasmada, mirando para un caracol que asomaba os cornos ao sol.

- Por que choras? - preguntolle o caracol. - Por que o vento bandido levouse as raias do meu vestido - respondeu ela, saloucando.

- Achégache. Subireime ao teu bandullo e trazar ao redor unha raíña de prata que che irá que nin pintada.

Camila seguiu camiñando, cun anel na pata, unha raíña de prata... e un pouco menos de pena.

Como estaba preocupada, sentiu ganas de chorar e derramou outro CINCO bágoas. Despois quedou pasmada, contando as cores do arco iris.

- Por que choras? - preguntoulle o arco iris.

- Por que o vento bandido levou as raias do meu vestido - respondeu ela, saloucando.

- Achégache. Botareiche un remendo azul, fresquiño como unha seda de primavera.

Camila seguiu andando, cun anel na pata, unha raíña de prata, un lindo remendo azul... e un pouco menos de pena.

Salpicou CATRO bágoas máis polas raias que lle faltaban. Despois quedou pasmada, mirando para unha araña que estaba bordando un pano.

- Por que choras? - preguntoulle a araña.

- Por que o vento bandido levouse as raias do meu vestido - respondeu ela, saloucando.

- Achégache. Tecerei para ti unha puntilla de tul e o teu traxe será máis elegante.

Camila volveu porse en camiño, cun anel na pata, unha raíña de prata, un lindo remendo azul, unha puntilla de tul ... e un pouco menos de pena.

Choriqueou TRES bágoas polas raias que lle faltaban.

Despois quedou pasmada, escoitando a unha cigarra que estaba a tocar unha melodía.

- Por que choras? - preguntolle a cigarra.

- Por que o vento bandido levou as raias do meu vestido - respondeu ela, saloucando.

- Achégache. Dareiche unha corda do meu violín e terás un aire musical.

Camila seguiu andando, cun anel na pata, unha raíña de prata, un lindo remendo azul, unha puntilla de tul, unha corda de violín... e un pouco menos de pena.

Case chegando a casa, saltáronselle DÚAS bágoas polas raias que lle faltaban.

Despois quedou pasmada, mirando para unha oca que coxeaba dunha pata por que lle apertaba un botín.

- Por que choras? - preguntolle a oca.

- Por que o vento bandido levou as raias do meu vestido - respondeu ela, saloucando.

- Achégache. Atarei ás túas costas o cordón do meu botín e iremos os dous moito mellor.

A oca foise feliz, descalza da pata que tenia espachurrada.

Camila xa andara moito cando, por fin, chegou á súa casa cun anel na pata, unha raíña de prata, un lindo remendo azul,

unha puntilla de tul, unha corda de violín, un gran cordón de botín ... e un case nada de pena.

Mamá cebra estaba sentada á porta. Camila achegouse a ela cunha bágoa escorregando na fazula.

- Onde che metiches, Camila, que non te atopaba?

- É que o vento ...

(Mamá cebra fixo coma se nada porque tiña ganas de dicirlle algo moi importante)

- Escóitame, Camila: xa estás moi grande, así que vai sendo hora de esquecer os tirantes e o cueiro.

Pero ao descubrir a bágoa que lle escorría dun olliño, Mamá cebra tentou consolala:

- Non chores. Trencei cos meus crins unha cinta moi longa para que adornes a túa melena.

Camila, que crecera case unha cuarta, púxose no bico dos pés e deulle á súa nai un abrazo grande, grande, sen cueiro nin tirantes.

E estirouse moito para lucirse aínda máis e para que a súa nai a vise ben, cun anel na pata, unha raíña de prata, un lindo remendo azul, unha puntilla de tul, unha corda de violín, un gran cordón de botín, unha cinta na melena... e nin unha pinga de pena.